

BIBLIOTECA ESCOLAR

PAULA CARBALLEIRA



CEIP. Plurilingüe Os Casais

**PROTOCOLO COVID-19
NORMAS DE
FUNCIONAMENTO
PARA O CURSO 2020-21**

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	2
SINALIZACIÓN	2
AFORO	2
HIXIENE E DESIFECCIÓN	3
SERVIZO DE PRÉSTAMO	3
ESPAZO MAKER	4
ACTIVIDADES	4
DOCENCIA NON PRESENCIAL	4

INTRODUCCIÓN

O funcionamento da biblioteca debe supeditarse, en primeiro lugar, ás pautas ditadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o conxunto do centro educativo, mais debe seguir sendo o espazo de referencia para a lectura, a información e as aprendizaxes e ofrecer oportunidades diversas de acceso á información.

Mentres dure a situación excepcional por razóns sanitarias, é preciso adoptar medidas, igualmente excepcionais, para que o seu funcionamento sexa, a un tempo, seguro e beneficioso para toda a comunidade educativa.

Para o presente curso 2020-21 establécense as normas que aparecen nos apartados seguintes. Estas normas serán revisables en función da evolución da pandemia e dos posibles cambios das normativas oficiais correspondentes.

SINALIZACIÓN

- Para facilitar o mantemento da distancia de seguridade haberá bandas indicativas tanto no corredor de acceso á biblioteca como ante o mostrador de préstamo.
- Incorpóranse carteis informativos sobre as normas de uso.

AFORO

- O aforo máximo permitido será de 15 persoas (inferior ao máximo permitido).
- Non poderá acceder simultaneamente a este espazo alumnado de grupos de clase diferentes.
- Reducirase o número de asentos dispoñibles (tanto nas mesas de traballo como nos postos de lectura), adecuándoas ao novo aforo e as necesarias medidas de distanciamento interpersoal.

HIXIENE E DESINFECCIÓN

- Hixienización das mans con xel hidroalcohólico ao entrar e saír da biblioteca.
- Uso de máscara de protección facial para todos os usuarios.
- Manter en todo momento a distancia de seguridade.
- Desinfección dos postos ocupados ao remate de cada sesión. Esta tarefa será realizada polo propio usuario do posto.
- O ordenador de xestión da biblioteca so poderá ser utilizado polos membros do equipo de biblioteca e terá que ser hixienizado tras cada uso.
- Os ordenadores da biblioteca e do espazo maker anexo deberán ser desinfectados por cada usuario despois de ser utilizados.

SERVICIO DE PRÉSTAMO

- O servizo de préstamo será realizado por un membro do equipo de biblioteca.
- O titor ou titora acompañará ao grupo e supervisará o estrito cumprimento das normas, tanto hixiénicas como de uso habitual da biblioteca.
- Os libros e outros materiais devoltos serán depositados nunha caixa identificada e illada, na que, por prevención, permanecerán en corentena, nun período nunca inferior a 48 horas.
- As Mochilas Viaxeiras serán desinfectadas tanto á saída como ao seu retorno ao centro. Tamén permanecerán en corentena 48 horas.
- A biblioteca non terá libre acceso durante o tempo de recreo.

ESPAZO MAKER

- É obrigatoria a desinfección das mans na entrada e na saída deste espazo, así como o uso da máscara en todo momento.
- Queda prohibida a utilización daquel material que necesariamente implique o seu emprego por varias persoas de forma simultánea.
- Os xogos de mesa poderán saír en préstamo para os fogares. Cumprirán as normas de desinfección e corentena establecidas.
- Todo o material informático será desinfectado despois de cada uso.
- A utilización dos robots, a impresora 3D e a radio escolar queda restrinxido. Cada unha das actividades a realizar que precisen deste material quedarán supeditadas ao establecemento dunhas normas específicas de utilización para esa actividade concreta, que deberán ser revisadas e aceptadas polo equipo de biblioteca.

4

ACTIVIDADES

Coas limitacións esixidas pola actual situación (ausencia de saídas a representacións teatrais e outros espectáculos, charlas, obradoiros, visitas de autores, etc.) e as obrigadas adaptacións que deberemos necesariamente adoptar, intentaremos desenvolver unha programación o máis similar posible ás dos cursos anteriores. Pretendemos continuar coa mesma liña de traballo e na nosa intención está non eliminar ningunha actividade, salvo que sexa absolutamente imposible a súa realización. Algunhas delas pasarán a ser non presenciais ou semipresenciais. Buscaremos a continuidade da participación das familias, potenciando as fórmulas virtuais.

DOCENCIA NON PRESENCIAL

Se a situación muda e pasamos a un escenario de actividade académica non presencial, a biblioteca adaptará a súa actividade a esa nova realidade e

continuará coa súa labor a través do blog, da aula virtual e dos restantes medios telemáticos empregados polo centro.